



ANUNCIO

A Alcaldía con data 23-12-2022 , ditou a Resolución 1650/2022 que a continuación se transcribe:

“RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: APROBACIÓN DA BOLSA PARA CUBRIR A PRAZA DUN/HA TÉCNICO SUPERIOR EN XESTIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA (ECA 01) COMO FUNCIONARIO INTERINO NO CONCELLO DE VIMIANZO E CHAMAMENTO. EXP. 2022/E001/000001

ANTECEDENTES

- 1.- A Relación de Postos de Traballo do Concello de Vimianzo, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 169, do 06/09/2017, inclúe entre os postos de traballo o de técnico/a superior de Xestión Económico-Administrativa (ECA 01); na actualidade vacante posto que o seu titular (con reserva de posto) atópase en comisión de servizos noutra Administración Pública.
- 2.- Por Resolución de Alcaldía núm. 592/2022 do 25/05/2022 aprobáronse as bases reguladoras para a selección dun técnico superior de xestión económico-administrativa no Concello de Vimianzo como funcionario/a interino/a e formación de bolsa de traballo, que foron publicadas integramente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vimianzo e anunciadas no BOP do 01/06/2022.
- 3.- Por Resolución de Alcaldía núm. 1206/2022 do 04/10/2022 aprobouse a lista definitiva de persoas aspirantes, todas as que se presentaron, a composición do tribunal e a data das probas. Publicouse o respectivo anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vimianzo.
- 4.- Constan no expediente as actas do tribunal e a proposta para a Alcaldía de composición da bolsa.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A substitución transitoria de titulares dunha praza con persoal funcionario interino está contemplada no artigo 10.1 b) do RDL 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado Público.



A Alcaldía ten atribucións para resolver segundo o artigo 21.1. g) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

En base ao anterior, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte bolsa para o posto de técnico/a superior de Xestión Económico-Administrativa (ECA 01) e ordear o chamamento da primeira persoa que a conforma para ocupar a praza vacante como funcionaria interina:

NÚM	EXPTE	NOME	APELIDOS	DNI	TOTAL
1	2022/E002/000019	M. ^a BELÉN	FERNÁNDEZ SANCHEZ	***0565**	56,35
2	2022/E002/000018	DANIEL	ERMO SANCHES	***6701**	43,20

Segundo.- Ordear a publicación da composición da bolsa no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e notificarlo ás dúas persoas que a conforman.

Terceiro.- Dar conta desta Resolución na vindeira sesión ordinaria do Pleno municipal.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa en Vimianzo, do que eu, secretario xeral do Concello de Vimianzo, dou fe

A alcaldesa,

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electronicamente)”

O secretario xeral,

Francisco Javier Novoa Juiz

Vimianzo, 26 de decembro de 2022

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez